

SANTIAGO

O Auditorio expón 350 obras doadas por artistas a favor de Nunca Máis

-A mostra, titulada «Botella ao mar» contextualízase con textos de coarentes escritores

-As pezas pódense adquirir nunha poxa que estará aberta ata a clausura da montaxe, o día 18

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

No Auditorio de Galicia abriuse onte a exposición-venda das 350 obras de arte realizadas e doadas por artistas de todo o Estado para racadar fondos a favor da plataforma Nunca Máis. Presentada baixo o título **Botella ao mar**, a montaxe complétase con coarentes textos literarios de autores galegos vivos, dunha gran variedade xeracional, de xéneros e estilos.



XOÁN A. SOLER

As pezas adxudicaranse nunha poxa que se abriu durante a exposición que se vén de celebrar en Vigo e que se pechará coa clausura en Santiago, o próximo día 18. Os prezos de partida, fixados na maioría dos casos polos creadores, están arredor dun 20% por debaixo do que terían no mercado. O 98% das obras son orixinais e dunha gran calidade, como suliñou o artista compostelán Quintana Martelo, presidente da Asociación Galega de Artistas Visuais, promotora da mostra coa plataforma Burla Negra, integrada en Nunca Máis. Quintana incidiu no obxectivo de contribuír ás accións reivindicativas e solidarias fronte á catástrofe do **Prestige**. Na mesma liña manifestouse o escritor Rafa Villar, quen coordinou a colaboración literaria, e o concelleiro compostelán delegado para o Auditorio, Manuel Portas.

A exposición, coa que colaboraron empresas, centros de arte, colectivos de artistas e os concellos de Vigo e Compostela, quedará recollida nun catálogo, xunto cos textos que contextualizan as obras.

(LA VOZ | SANTIAGO)

 Enviar

 Imprimir noticia

 Volver

RM de La Coruña: tomo2413, folio84, hojaC-12502

CIF: B-15.482.177

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España).